

Corrección de erros da Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se publica a lista definitiva das embarcacións seleccionadas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Solénidos ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Solénidos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

Detectado un erro na citada Resolución, publicada na páxina web <https://www.mar.xunta.gal> o 30 de xullo de 2025 compre facer a seguinte corrección:

Na páxina 1, onde di:

“ De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Solénidos (PE410 2024/20-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (en adiante plan de xestión), estableceuse un número máximo de participantes de **18** embarcacións con **53** mergulladores habilitados con dereito a cota cun reparto de embarcacións e cotas por confraría, asignándose 13 embarcacións con 37 mergulladores habilitados á confraría de Fisterra, 3 embarcacións con 10 mergulladores á confraría de Corcubión e 2 embarcacións con 6 mergulladores á confraría de Lira, indicándose no plan de xestión un número máximo de 3 mergulladores por embarcación”,

Debe dicir:

“ De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Solénidos (PE410 2024/20-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (en adiante plan de xestión), estableceuse un número máximo de participantes de **18** embarcacións con **53** mergulladores habilitados con dereito a cota cun reparto de embarcacións e cotas por confraría, asignándose 13 embarcacións con 37 mergulladores habilitados á confraría de Fisterra, 3 embarcacións con 10 mergulladores á confraría de Corcubión e 2 embarcacións con

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Telf.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





6 mergulladores á confraría de Lira”.

Onde dí:

”2. O 17.01.2025 a confraría de Fisterra, representante das entidades participantes do plan, presentou unha solicitude para que se iniciasen os procesos para a cobertura das dúas (2) vacantes para mergulladores das confrarías de Fisterra e Corcubión, e as dúas (2) embarcacións vacantes con 6 cotas para mergulladores da confraría de Lira, para cumprir o número máximo de embarcacións establecido no plan de xestión”.

Debe dicir:

”2. O 17.01.2025 a confraría de Fisterra, representante das entidades participantes do plan, presentou unha solicitude para que se iniciasen os procesos para a cobertura das dúas (2) vacantes para mergulladores das confrarías de Fisterra e Corcubión, e as dúas (2) embarcacións vacantes con 6 cotas para mergulladores da confraría de Lira, para cumprir o número de embarcacións establecido no plan de xestión”.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe de Servizo do Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

